



*ROIMIL (SAN XIAO)



Parroquia cunha superficie de 3,1 km² situada no centro-oeste do concello, que conta con 99 habitantes repartidos nos lugares de A Alzada, O Bullo, Buxán, O Campo da Feira, Currás, Gudín de Abaixo, Gudín de Arriba, O Pazo, A Penagateira e O Piñeiro. A súa densidade de poboación é de 31,94hab/km².



FRIOL
PQ. ROIMIL

Segundo o Catastro de Ensenada, no Antigo Réxime as terras do que hoxe é a parroquia de Roimil pertencían a Augas Santas. Unha das celebracións máis destacadas desta parroquia no pasado sen dúbida era a súa feira. Descoñécese a data exacta na que comezou, pero sábese que foi posterior a 1749 xa que non aparece no catastro mencionado anteriormente. Ao principio celebrábase o día 6 de cada mes pero, cando en Friol comezou a feira do día 4 a principios do S. XX, a de Roimil pospúxose ó día 16 xa que non tiña sentido unha separación entre ambas de tan só dous días. Naquela época había tenderetes, cantinas, gando... Porén, nos anos 50 deixou de celebrarse.

Neste caso, Roimil tan só nomea a unha parroquia do municipio de Friol. Non está presente en ningún outro lugar de Galicia, nin como concello, parroquia ou lugar.

O nome de **Roimil** provén do antropónimo gótico *Rodemirus*, o que se pensa que foi posuidor destas terras. Xa nos Tumbos de Sobrado do ano 404 aparece a forma *Riumir*, aínda que se pensa que foi un erro, xa que o lóxico sería *Ruimir*.

En canto ós lugares, **A Alzada** resulta do latín vulgar **altiare*, verbo con base en *altus* («alto»). En ocasións, este significado asóciase cun lugar elevado no que se producen asentamentos temporais no verán, pero neste caso o topónimo garda relación cun «recurso de apelación».

Por outro lado, **O Bullo** podería estar relacionado cun suposto posuidor latino chamado *Bullius*, aínda que esta hipótese está sen confirmar. Tamén é probable o seu vínculo con bullo, lama, xa que no Catastro de Ensenada fálase del coma o límite que separa dúas xurisdiccións e descríbese dun xeito no que se sobreentende este significado («sigue al bullo del prado pequeño...»).

Buxán, segundo Joseph M. Piel, procede do antropónimo *Busianus*, derivado de *Busius*, que se documentou en Galicia no ano 812.

En canto a **O Campo da Feira**, chámase así lembrando a feira que se celebraba no lugar e da que xa falamos antes. Na parroquia de Guimarei (v. nº 9) existe un topónimo exactamente igual que alude ó mesmo.

Currás aparece amplamente explicado na parroquia de Carballo (v. nº 4).

Gudín de Abaixo e **Gudín de Arriba** poderían ter relación co antropónimo visigótico *Gotinus*. Nos Tumbos de Sobrado do S. XX xa aparecen as formas *Gutini* e *Gudini*. Outra hipótese sostén que este topónimo ten a súa base na forma xermánica *Gothi*. De novo, a oscilación entre **Arriba** e **Abaixo** (*ripal/bassus*) débese a unha diferenza de altura entre ambos lugares.

O Pazo, pola súa parte, é unha variante de Pacio (v. nº 17).

A Penagaiteira é un topónimo composto pola forma *pena*, que procede do latín *pinna/penna*, e polo adxectivo *gaitera*, que probablemente derive do gótico *gaits* («cabra») xa que o fol do instrumento musical estaba inicialmente feito de pel de cabra.

Por último, **O Piñeiro** é un fitónimo amplamente explicado en apartados anteriores (v. nº 2).

*Texto extraído do traballo clasificado no segundo posto do "I Premio de investigación Histórica, Cultural e Etnográfica Concello de Friol" presentado por Dona Laura Ferro Devesa e Dona Estefanía Pena Ferro e titulado "TOPONIMIA DO CONCELLO DE FRIOL" Friolensis